

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 18 DE XULLO DE 2019

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogo do PP

Único. Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Á vista de que a convocatoria das presentes comisións informativas permanentes tense realizado en horario matutino, contravindo o criterio tradicionalmente establecido no noso concello de celebración de comisións e plenos en horario vespertino, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que, de cara a conciliar as distintas obrigas laborais, profesionais e familiares de todos os membros da Corporación, se respecto o tradicional horario de celebración das distintas comisións informativas permanentes ás 20:00 horas do penúltimo xoves de cada mes.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, do PSdeG-PSOE, contesta que non admiten o rogo, xa que todos teñen dereito, dentro da súa actividade profesional e laboral, a asistir.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que está claro que hai quen pensa unha cousa cando está na oposición e outra cando está no equipo de goberno. Di que non hai interese en que se compatibilice a familia e o traballo con estas medidas.

Dona María José García Hidalgo, de C's e integrante do Grupo Mixto, dálle as grazas ao señor alcalde por consultar á oposición ao respecto. Nos catro anos pasados non tiveron estes problemas e agora téñenos. Agradécello.

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Co inicio da nova lexislatura e o coñecemento de cambios no persoal de prensa ata agora existente, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre os cambios producidos ao respecto, así como sobre o seu custo.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, do PSdeG-PSOE, contesta que non houbo ningún cambio nas condicións. A empresa substituíu á persoa que estaba, pero o contrato está prorrogado ata o 14 de marzo de 2020.

2ª Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Á vista das queixas veciñais recibidas respecto do desenvolvemento das actividades municipais de roza, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre o número de efectivos existentes, medios e horarios que están sendo utilizados dende o noso concello para rozar nestes meses de verán.

O señor alcalde contesta que está pregunta debería formularse na Comisión Informativa de Servizos.

Dona Marta María Vázquez Golpe indica que están preguntando polo número de efectivos humanos.

O señor alcalde reitera que están falando dun servizo. Sinala que non hai problema en que a fagan, pero que o revisen.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que son 6 tractores, 5 da empresa concesionaria e 1 tractor municipal para apoio. Traballarán 3 operarios para roza manual e soprado en horario de luns a venres todo o día, e mañás dos sábados.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Ante las reiteradas queixas advertidas por veciños e feirantes respecto do desenvolvemento da feira que se celebra no Temple, case dos anos despois da súa instauración, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente polas medidas previstas a curto prazo para tratar de revitalizar a dita feira.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que se está analizando e estudando como poder potenciar a feira.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Segundo o bando asinado polo noso alcalde, o 15 de marzo de 2018, que é o que consta na páxina web do noso concello:

“O medio rural constitúe un patrimonio de valor incalculable para todos, tanto polo seu valor ambiental, como paisaxístico ou económico; non obstante, este importante patrimonio está sendo ameazado pola propagación dos incendios forestais.

Ante esta situación faise indispensable que tanto as administracións como os particulares propietarios de fincas e montes adopten as medidas preventivas necesarias para preservar estes bens. É unha responsabilidade de todos.

Por isto e antes da chegada do período de máximo risco, recórdase aos veciños de Cambre cales son as súas principais obrigas en materia de prevención de incendios (...).”

Á vista deste recordatorio aos veciños de Cambre, así como do expreso recoñecemento da necesidade de que unha administración como o Concello de Cambre adopte as medidas preventivas necesarias contra os incendios forestais, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cales son as medidas preventivas adoptadas dende o noso concello na loita contra os incendios forestais, máis aló do recordatorio aos nosos veciños, con data de marzo do ano pasado, das súas obrigas ao respecto, as responsabilidades civís e penais en que poderían incurrir en caso de incumprimento, así como a existencia de teléfonos de atención municipal.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a mellor prevención é que o incendio non se produza, e a fórmula para iso é lembrarlle aos veciños que eles son os obrigados e teñen a responsabilidade civil e penal. O concello debe lembrarlle e obrígalos a que cumpran coas determinacións, e así o teñen feito, no seu caso, cos correspondentes expedientes disciplinarios.

En canto á segunda pregunta, puxéronse en contacto coa Dirección Xeral de Montes para realizar un plan de prevención contraincendios. Este asunto deixouse en agosto porque a actividade administrativa é débil, pero é algo que se verá, porque a Fegamp ten un convenio e vaise estudar.

Tamén se está en contacto directo co vixiante de montes da Xunta, e así se axilizarán os expedientes. O que si botan de menos é que non se faga unha ordenación territorial global por parte da Xunta.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

En sintonía coa pregunta anterior, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente de que medios ou recursos dispón o noso concello para loitar contra os incendios forestais, melloras respecto dos existentes no exercicio anterior, así como a adhesión a plans ou programas doutras administracións públicas na prevención e defensa contra os incendios forestais.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que cre que a pregunta xa quedou contestada.

Don Juan María Abalo Castex contesta que non é así.

Don Juan González Leirós manifesta que el cre que si.

3ª Lee a pregunta don Juan Mª Abalo Castex.

Ante as datas de verán nas que nos atopamos e o risco sempre latente de ter que adoptar accións preventivas por risco de seca, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente que medidas se prevén adoptar neste exercicio para paliar ou minimizar o risco de seca no noso concello.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que cando a consellería correspondente lles diga se o concello ten que facer o Plan de prevención de riscos, o traerán, de momento non se sabe se é Emalcsa ou cada concello quen o ten que facer.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Á vista da inminente celebración da Galaicoi, os próximos días 19, 20 e 21 de xullo, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente polo custo orzamentado para a presente edición con desagregación de conceptos e cantidades.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado dos servizos de Turismo e Patrimonio, dá conta da Resolución da concellería de Xuventude, Turismo e Patrimonio núm. 401/2019, do 28 de febreiro, na que se aprobou a actividade, desenvolvemento e orzamento da IV Romaría Galaico Romana 2019 “Galaicoi”.

O orzamento desagregase en 15.000 euros para a organización do mercado ambulante; 1.950 euros para memorias técnicas; 24.500 euros pola adecuación de espazos; 14.500 euros polas actividades de recreación, xogos tradicionais e teatro; 3.050 euros para organización; 6.000 euros para difusión e sinalización; e 5.000 euros para publicidade. Un orzamento total de 70.000 euros, para o cal di que terán unha subvención da Deputación que acadará o 80% da actividade.

2ª Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Á vista da inminente celebración do festival Rock in Cambre, os días 2 e 3 de agosto, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente polo custo orzamentado para a presente edición con desagregación de conceptos e cantidades.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, informa que se contestará por escrito.

3ª Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Unha vez iniciados dende o noso concello os traballos incluídos no proxecto Prisma, proxecto subvencionado pola Unión Europea, como programa complementario de educación e apoio familiar dirixido a familias en situacións de risco de exclusión social, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta á concelleira competente polo desenvolvemento deste proxecto, así como polo importe da subvención europea recibida con cargo a este proxecto.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, informa que debido ao pouco tempo que leva no cargo, dende o día 9 deste mes, aínda está recompilando datos, polo que contestará por escrito.